



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 16 DE MAIO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día dezaseis de maio de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 9 de maio de 2017

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de maio de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Acordo da Xunta de Goberno do 05/05/2017, da Deputación provincial da Coruña, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego, polo que se aproban as bases específicas do programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2017. (Boletín Oficial da Provincia número 87, do 10 de maio de 2017).

- Orde do 3 de maio de 2017, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. (Diario Oficial de Galicia número 91, do 12 de maio de 2017).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, do Ministerio de Facenda e Función Pública, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local. (Boletín Oficial do Estado número 113, do 12 de maio de 2017).
- Escrito de don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Grupo Popular, rexistrado de entrada co número 0/3959 o día 12 de maio de 2017, no que comunica que estará fóra do termo municipal dende o día 12 ao 19 de maio de 2017.
- Orde do 3 de maio de 2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. (Diario Oficial de Galicia número 92, do 15 de maio de 2017).

3º. Expedientes de contratación

Único: Contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada), para adxudicar a produción e contratacións artísticas do XXVI Festival "Rock in Cambre 2017"

Vista a proposta de Alcaldía de data 12 de maio de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"O coordinador de cultura e educación, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, Deportes e Mobilidade, elaborou, con data do 8 de maio de 2017, o informe-proposta para a contratación da produción e actuacións artísticas do XXVI Festival Rock in Cambre 2017, e mailas prescricións técnicas que rexerán para o seu desenvolvemento, que fóron asinadas o día 9 de maio de 2017, cun presuposto de execución por contrata total de 86.500,07 euros IVE incluído.

Existe consignación orzamentaria na aplicación 334.22612, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 25/04/2017.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 12 de maio actual, favorable á aprobación do expediente de contratación e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade, de data 12 de maio de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documentalmente simplificada), para adxudicar a produción e contratacións artísticas do XXVI Festival "Rock in Cambre 2017", que se desenvolverán durante os días 18 e 19 de agosto de 2017, (e madrugadas de ditos días), cun valor estimado de 71.487,66 euros, e un orzamento total de execución por contrata de 86.500,07 euros, IVE incluído, isto en aplicación do establecido nos artigos 157 ao 161 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo (exp. 2017/C006/000003).

Segundo: Aprobar o gasto, por importe de 86.500,07 euros, por conta da aplicación orzamentaria 334.22612

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e mailo de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89.2 do TRLCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, atendendo ao breve prazo de execución do contrato, os prezos das prestacións comprendidas neste contrato, non poderán ser obxecto de revisión e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, e máis na Plataforma de Contratos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra denominada "Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala"

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de maio de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto que constan no expediente para a súa aprobación as seguintes certificacións de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinadas polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2017/C002/000002	ALVAC, S.A.	A40015851	Certificación nº 1 da obra "Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala"	9.357,15 €	F/2017/1500	13/03/2017
2017/C002/000002	ALVAC, S.A.	A40015851	Certificación nº 2 da obra "Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala"	23.131,93 €	F/2017/2184	03/05/2017

Comprobado o cuadro aritmético das mesmas e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que constan no expediente facturas debidamente asinadas pola responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a providencia formulada o 11 de maio de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar as seguintes certificacións de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2017/C002/000002	ALVAC, S.A.	A40015851	Certificación nº 1 da obra "Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala"	9.357,15 €
2017/C002/000002	ALVAC, S.A.	A40015851	Certificación nº 2 da obra "Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala"	23.131,93 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 5 ao 11 de maio de do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación número 741/2017 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio número 814/2017, segundo se relaciona a seguir:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Nº resolución	Data de sinatura	Asunto
------------------	---------------------	--------



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

741/2017	05/05/2017	Concesión axuda bonotaxi 2017 a E.M.P.L.
742/2017	05/05/2017	Concesión axuda aluguer a S.C.O.B. por importe de 300 euros
743/2017	05/05/2017	Concesión axuda recibo luz a C.D.M.S. por importe de 102,06 euros
744/2017	05/05/2017	Concesión axuda bonotaxi 2017 a J.B.M.
745/2017	05/05/2017	Concesión axuda bonotaxi 2017 a J.A.P.F.
746/2017	05/05/2017	Concesión axuda bonotaxi 2017 a D.C.F.
747/2017	05/05/2017	Concesión axuda bonotaxi 2017 a B.P.G.
748/2017	05/05/2017	Concesión axuda bonotaxi 2017 a S.C.C.
749/2017	05/05/2017	Concesión axuda bonotaxi 2017 a A.V.G.
750/2017	05/05/2017	Aprobación da actividade e dos gastos do II curso práctico de hortas de ocio dentro do proxecto de acción voluntaria "Labrega Social" 2017
751/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de I.L.P.
752/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de Y.S.H.
753/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de M.I.
754/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de A.G.B.N.
755/2017	05/05/2017	Aprobación da actividade do Proxecto Ríos: saídas de inspección da campaña de primavera 2017.
756/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de C.B.S.
757/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado a J.A.M.
758/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de L.P.M.
759/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de M.L.G.
760/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de N.A.D.G.
761/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de M.E.L.G.
762/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa no programa municipal de voluntariado de S.G.P.
763/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de M.P.B.
764/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de T.J.E.S.
765/2017	05/05/2017	Aprobación da baixa do programa municipal de voluntariado de B.V.G.
766/2017	05/05/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de maio de 2017
767/2017	05/05/2017	Proposta de aprobación dos proxectos "Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Constitución, Parque Francisco Rodríguez e outros (O Graxal)", "Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros", "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto Básico e de execución. Modificado Febreiro 2017. Fase I" incluídos no Plan de cooperación ás obras e servizos municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2017
768/2017	08/05/2017	Concesión axuda recibo auga a Y.C.F. por importe de 87,94 euros
769/2017	08/05/2017	Resolución da Alcaldía pola que se desestima o recurso de reposición interposto por M.R.Q. actuando na representación de M.Q.A. contra a resolución núm. 132/2017 do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.
770/2017	08/05/2017	Expediente sancionador 2016/I001/000015 por realización de vertidos á rede municipal de sumidoiros incumprindo as condicións da licenza e por non axustarse



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		aos parámetros do Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.
771/2017	08/05/2017	Expediente sancionador 2016/1001/000016 por realización de vertidos á rede municipal de sumidoiros incumprindo as condicións da licenza e por non axustarse aos parámetros do Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.
772/2017	08/05/2017	Solicitude de licenza de construción de vivenda unifamiliar en lugar A Patiña, Cela
773/2017	08/05/2017	Expediente de orde de execución 21/60/12 por estado de terreo sito en rúa Temple, s/n, O Temple.
774/2017	08/05/2017	Solicitude de licenza de segregación para cesión de viais por construción de vivenda unifamiliar en Gaiteiro, Sigrás
775/2017	08/05/2017	Resolución concesión anticipo reintegrable de 24 mensualidades a funcionario
776/2017	08/05/2017	Resolución solicitude de anticipo reintegrable de funcionario
777/2017	08/05/2017	Actualización RMAV. Club O Noceiro SRD
778/2017	08/05/2017	Actualización RMAV. S.D. A Ría
779/2017	08/05/2017	Actualización RMAV Asociación Tai-Yang Cambre
780/2017	08/05/2017	Actualización RMAV Asociación xuvenil Urbilar
781/2017	08/05/2017	Resolución da Alcaldía pola que se desestima o recurso de reposición interposto por M.R.Q. actuando na representación de M.Q.A. contra a resolución 132/2017 pola que se denega o vao permanente para o acceso á vivenda unifamiliar situada en Anceis, Cambre.
782/2017	08/05/2017	Xustificación convenio promoción do baloncesto 2016
783/2017	09/05/2017	Solicitude licenza obra construción vivenda unifamiliar en lugar Drozo
784/2017	09/05/2017	RCU pola que se concede licenza de vao laboral para o acceso a almacén no Temple
785/2017	09/05/2017	Aprobación liquidacións actividades xuvenís mes de abril
786/2017	09/05/2017	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2016-2017, así como posterior pagamento.
787/2017	09/05/2017	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester - Sigrás, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2016-2017, así como posterior pagamento.
788/2017	09/05/2017	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2016-2017, así como posterior pagamento.
789/2017	09/05/2017	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2016-2017, así como posterior pagamento.
790/2017	09/05/2017	Concesión axuda bonotaxi 2017 a F.G.S.
791/2017	09/05/2017	Concesión axuda aluguer a M.D.F.M. por importe de 280 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

792/2017	09/05/2017	Celebración voda civil de L.L.V. e D.C.R. o 13 de maio de 2016 ás 10:30 horas
793/2017	09/05/2017	Numeración de edificios
794/2017	09/05/2017	Expediente de disciplina urbanística 07/31/05 por realización de obras consistentes na construción dun edificio sen licenza municipal en Sigrás, Cambre.
795/2017	09/05/2017	Expediente de disciplina urbanística por incremento de altura de peche e realización de construción anexa á vivenda en Cambre. Propiedade: M.C.O. e .J.C.O.
796/2017	09/05/2017	Expediente sancionador 2016/1001/000058 por construción dun galpón e aumento de altura dun cerramento sen licenza municipal nln comunicación previa en Cambre.
797/2017	10/05/2017	Solicitude subvención Xunta materia de arquivos
798/2017	10/05/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (P E, S.A. e máis) por importe total de 55.835,61 euros
799/2017	10/05/2017	Expediente de xeración de crédito número 4/2017. Proxecto ANAINAR
800/2017	10/05/2017	Alta no servizo de axuda no fogar (C.B.G)
801/2017	10/05/2017	Baixa no servizo de axuda no fogar(A.P.V.)
802/2017	10/05/2017	Alta no servizo de axuda no fogar(D.V.R.)
803/2017	10/05/2017	Baixa no servizo de axuda no fogar (MT.D.C.)
804/2017	10/05/2017	Baixa no servizo de axuda no fogar (D.R.P.)
805/2017	10/05/2017	Aprobación de facturas (ACAMSC e máis) e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 28.837,25 euros.
806/2017	10/05/2017	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Mencer do CEIP Graxal, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2016-2017, así como posterior pagamento.
807/2017	10/05/2017	Recurso de reposición interposto pola UTE IDOM-ARNAIZ contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 14 de marzo de 2017, respecto da incautación da garantía definitiva depositada no expediente nº 10/4-3 SERV., e solicitude de suspensión da execución do antedito acordo ata a resolución do recurso
808/2017	10/05/2017	Aprobación de facturas (CIGESOC e máis) e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 65.312,04 euros
809/2017	10/05/2017	Aprobación de facturas correspondentes a subministración de electricidade, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 41.055,31 euros
810/2017	10/05/2017	Numeración de edificios
811/2017	11/05/2017	Proposta altas e baixas das actividades educativas do curso 2016/2017- Meses de abril e maio
812/2017	11/05/2017	Liquidación provisional a ALPIQ ENERGÍA ESPAÑA, S.A.U., da taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2013.
813/2017	11/05/2017	Expediente de orde de execución 21/191/13 por estado de terreo sito en Pombo, Pravio.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

814/2017	11/05/2017	Ruta 127 ao castelo de Pambre (a Revolta Irmandiña), programa Vente de Marcha, edición XVII Castelos medievais da Gallaecia
----------	------------	---

6º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Mantivo reunión con Pablo Couto da Deputación da Coruña, para tratar varios temas que hai pendentes con esta administración.
- Realizou unha recepción ao alumnado do 2º proxecto Erasmus do IES Afonso X O Sabio da Barcala.
- Acudiu acompañado do concelleiro Juan Leirós a unha reunión co conselleiro de Economía e Industria na que se trataron temas como o saneamento na Gándara ou posibles axudas aos empresarios do polígono para solucionar a problemática dos seus verquidos.

Dende a concellería de Movemento Asociativo:

- Recibiu no seu despacho as dúas profesoras do Instituto Alfonso X "O Sabio" e o presidente da Terceira Idade da Barcala, o motivo foi para presentar un traballo realizado polos alumnos do instituto, no Centro de 3ª Edad; despois da presentación do traballo, solicitaron para o cerramento de curso a colaboración, tanto do Concello, como da 3ª Idade da Barcala, xa que o día 13 de xuño ás 18:30 horas, está previsto presentar o traballo realizado, e solicitan os logotipos de ambos. Mandaran as invitacións para ver a exposición.
- Recibiu comunicación telefónica da Empresa Tenoga, informándolle que o tellado da asociación de Anceis xa estaba reparado; as rexas estánse lixando, en breve se colocarán.
- Recibiu no seu despacho a presidenta da asociación Posadoira de Brexo-Lema, comunicándolle que é necesario unha roza no Corgo á altura do número 25; tamén cortar unhas ramas, porque no lugar reside un veciño con discapacidade reducida e todos os días ven un autocar a recollelo, pero por culpa da maleza no poden baixar, obrigando aos pais que son persoas maiores, a baixalo hasta a estrada xeral. Nalgunhas ocasións, tiveron que ser os pais os que realizan este traballo, pero a idade agora non llo permite.
- O 14-05-2017, recibiu chamada telefónica da presidenta da asociación de Amas de Casa de Cambre Srª Dolores, comunicándolle que volvía a caer agua pola parede do local. O luns día 15, encontro na Barcala a un técnico da empresa Eulen "Pastoriza" e lle comunicou a avaría nas amas de casa, desprazouse ao local e estando nel, realizou unha chamada telefónica a Obras y Servizos e lle comunican que chame ao sr. Otero de Aguas, éste ao comprobar a avaría, di que non lles corresponde a eles, si ben nos envía un técnico, quen confirma que é un problema de fontanería. Despois localizar a avaría, se deixa pendente para mañá en que pasará un fontaneiro a reparalo.



Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 9 asistiu a unhas xornadas técnicas, invitadas pola directora e a xefa de RRHH do centro Irmás Hospitalarias PAIMENNI en Betanzos, xunto coa ADL Sonia Machín Herránz. Dito centro é colaborador para a posta en marcha dos obradoiros de emprego dende hai catro anos cunha alta porcentaxe de colocación.
- O día 10 mantivo unha reunión coa consultora da empresa VALORA Sustainability & Innovation , Susana Santamaría González para falar sobre proxectos no ámbito de desenvolvemento local.
- O día 11 desprázome xunto coa técnica ADL Sonia Machín ao Centro Municipal de Formación para despedir ao alumnado da ESO que se examina das Competencias Crave o día 14 de maio en Silleda.
- O día 12 ao longo da mañá realizou chamadas aos vendedores ambulantes que están nas listas de espera e de solicitude da feira de Cambre e Temple para informar dos prazos da licitación de postos de venda ambulante na feira do Temple. Previamente a meirande parte e lles informou a través de SMS.
- O día 13 sábado ás 10:30 horas na casa do concello oficiou o acto para casar a dous veciños de Cambre.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- APP OMIX, descargas: 1.716; total visitas 20.685.
- Casa da Xuventude, o venres día 12, campionato de tetris.
- Reunións coas asociacións de veciños, xoves, día 11, coa asociación do Temple.
- Locais de ensaio: continuarán as actividades de formación ata final de mes.
- Programa "Vente de marcha", 13 de maio "Castelo de Pambre".
- Galaicoi: presentáronse catro empresas. En breve, abriranse os sobres.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:

- luns 15 reunión con Sementeira.
- Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguinte asunto:



- día 9 visita con inspección de armas da garda civil ao campo da Balastreira.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Devolución á empresa “Espina Obras Hidráulicas, S.A.”, das garantías depositadas no expediente 2010/32-16 OB, consorte á sentenza dictada no Recurso Contencioso Administrativo procedemento abreviado número 0000295/2016. Expediente: 2010/32-16 OB
- Suspensión do prazo de duración do contrato menor adjudicado á empresa “Monteoliva Arquitectura, S.L.P.” no importe de 16.940,00 euros IVE incluído para a redacción do Plan Especial de reforma interior da UE nº 10C. Exp. 2017/C002/000005
- Suspensión do prazo de duración do contrato menor adjudicado á empresa “Monteoliva Arquitectura, S.L.P.” no importe de 19.965,00 euros IVE incluído para a redacción do Plan Especial de Equipamento en solo rústico na parroquia de Cela, a obter por expropiación. Exp. 2017/C002/000009

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Devolución á empresa “Espina Obras Hidráulicas, S.A.”, das garantías depositadas no expediente 2010/32-16 OB, consorte á sentenza dictada no Recurso Contencioso Administrativo procedemento abreviado número 0000295/2016. Expediente: 2010/32-16 OB

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de maio de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Coa data do día 7 de decembro de 2016 recibíuse neste Concello escrito procedente do xulgado Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña, no que se comunicaba a admisión a trámite do recurso contencioso-administrativo-procedemento abreviado número 0000295/2016, interposto pola entidade “Espina Obras Hidráulicas, S.A.” contra a desestimación presunta por silencio administrativo por parte do Concello de Cambre da reclamación sobre devolución de garantías por importes de 4.476,18 euros (da entidade “AFIGAL S.G.R.”), e 119,00 euros, (metálico), depositadas para execución da obra denominada “Mellora das redes de saneamento de Ponte Cela e A Xira”, (exp. nº 2010/32-16 OB).

Por resolución da Alcaldía nº 2056/2016 de data 21 de decembro de 2016 acordouse comparecer no procedemento citado perante o xulgado contencioso-administrativo nº 4 da Coruña, exercitando este Concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ó letrado-asesor xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña don Ramón Valentín López Rey, ou calquera outro letrado adscrito á dita Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988, así como remiti-lo expediente administrativo referido ó xulgado contencioso-administrativo nº 4 da Coruña.



Con data do 11 de maio de 2017, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre un escrito procedente da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña, ao que achega sentenza de data 3 de maio de 2017, dictada no procedemento contencioso-administrativo de referencia, na que , estimando o recurso interposto pola mercantil “Espina Obras Hidráulicas, S.A.”, ordena a inmediata devolución á entidade recorrente das garantías solicitadas.

Vista a proposta asinada polo concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, con data do 15 de maio de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro : Devolver á entidade “Espina Obras Hidráulicas, S.A.”, as garantías por importes de 4.476,18 euros (da entidade “AFIGAL S.G.R.”), e 119,00 euros, (constituída en metálico), depositadas para execución da obra denominada “Mellora das redes de saneamento de Ponte Cela e A Xira”, (exp. nº 2010/32-16 OB).

Segundo : Notifíquese á empresa contratista , facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro : Notificar aos Departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Servizos , para a súa constancia e aos efectos oportunos.

Cuarto: Dar traslado dos anteriores acordos ao xulgado do contencioso-administrativo nº 4 da Coruña, e á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

B) Suspensión do prazo de duración do contrato menor adxudicado á empresa “Monteoliva Arquitectura, S.L.P.” no importe de 16.940,00 euros IVE incluído para a redacción do Plan Especial de reforma interior da UE nº 10C. Exp. 2017/C002/000005

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de maio de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 28 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adxudicou a redacción do Plan Especial de reforma interior da UE nº 10C á empresa “Monteoliva Arquitectura, S.L.P.” no importe de 16.940,00 euros IVE incluído, establecendo no punto cuarto da parte dispositiva do acordo, que “O prazo de inicio da prestación do servizo comezará a contar a partir do recibimento, por parte da empresa adxudicataria, da notificación da adxudicación”, feito que se produciu con data do 4 de abril de 2017, no que se asinou o aviso de recibimento pola empresa adxudicataria.

Con data do 10 de maio de 2017 asínase na plataforma TedEc informe polo arquitecto municipal don José Agustín Barca Cotelo, (quen foi designado responsable do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local do día 28/03/17), no que comunica a presentación pola empresa adxudicataria do documento ambiental estratéxico e borrador do plan especial para a tramitación da avaliación ambiental, (o que constitúe a primeira das fases de execución dos traballos descritas nos informes do arquitecto municipal de datas 25 de xaneiro e 20 de marzo de 2017) e propón a interrupción dos prazos do contrato e o abono do 50 % do prezo do contrato.

Este informe complementábase co emitido polo mesmo funcionario con data do 15 de maio de 2017, no que indica que con data do 12 de maio de 2017, foi remitida solicitude de inicio de avaliación ambiental á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 15 de maio de 2017.

Por todo o exposto, tendo en conta o establecido polos artigos 22.1.d) e 80 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 220 e Disposición Final Terceira punto 1 do RD Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro : Acordar a suspensión do prazo máximo de duración previsto no artigo 23.3 do RD Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro (Texto refundido da Lei dos contratos do sector público) para o contrato menor adxudicado á empresa “Monteoliva Arquitectura, S.L.P.” no importe de 16.940,00 euros IVE incluído para a redacción do Plan Especial de reforma interior da UE nº 10C, (Exp. 2017/C002/000005), polo tempo que medie entre a data na que conste aceptada telemáticamente no Sistema de Interconexión de Rexistros a solicitude do informe da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, (que foi enviada polo Concello de Cambre con data do 12/05/2017, nº



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

20179000000008), e a recepción do antedito informe no Concello de Cambre, datas que deberán ser comunicadas á empresa adxudicataria.

Segundo : Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 112 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas .

Terceiro : Dar traslado aos Departamentos de Intervención, Urbanismo (responsable do contrato), e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Suspensión do prazo de duración do contrato menor adxudicado á empresa "Monteoliva Arquitectura, S.L.P." no importe de 19.965,00 euros IVE incluído para a redacción do Plan Especial de Equipamento en solo rústico na parroquia de Cela, a obter por expropiación. Exp. 2017/C002/000009

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de maio de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data do 14 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adxudicou a redacción do Plan Especial de Equipamento en solo rústico na parroquia de Cela, a obter por expropiación á empresa "Monteoliva Arquitectura, S.L.P." no importe de 19.965,00 euros IVE incluído , establecendo no punto cuarto da parte dispositiva do acordo, que "*O prazo de inicio da prestación do servizo comezará a contar a partir do recibimento, por parte da empresa adxudicataria, da notificación da adxudicación*", feito que se produciu con data do 21 de marzo de 2017, no que se asinou o aviso de recibimento pola empresa adxudicataria.

Con data do 10 de maio de 2017 asínase na plataforma TedEc informe polo arquitecto municipal don José Agustín Barca Cotelo, (quen foi designado responsable do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local do día 14/03/17), no que comunica a presentación pola empresa adxudicataria do documento ambiental estratéxico e borrador do plan especial para a tramitación da avaliación ambiental, (o que constitúe a primeira das fases de execución dos traballos descritas nos informes do arquitecto municipal de datas 17 de febreiro e 13 de marzo de 2017) e propón a interrupción dos prazos do contrato e o abono do 50 % do prezo do contrato.

Este informe complementábase co emitido polo mesmo funcionario con data do 15 de maio de 2017, no que indica que con data do 12 de maio de 2017, foi remitida solicitude de inicio de avaliación ambiental á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 15 de maio de 2017.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Por todo o exposto, tendo en conta o establecido polos artigos 22.1.d) e 80 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 220 e Disposición Final Terceira punto 1 do RD Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro : Acordar a suspensión do prazo máximo de duración previsto no artigo 23.3 do RD Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro (Texto refundido da Lei dos contratos do sector público) para o contrato menor adxudicado á empresa "Monteoliva Arquitectura, S.L.P." no importe de 19.965,00 euros IVE incluído, para a redacción do Plan Especial de Equipamento en solo rústico na parroquia de Cela, a obter por expropiación, (Exp. 2017/C002/000009), polo tempo que medie entre a data na que conste aceptada telemáticamente no Sistema de Interconexión de Rexistros a solicitude do informe da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, (que foi enviada polo Concello de Cambre con data do 12/05/2017, nº 201790000000007), e a recepción do antedito informe no Concello de Cambre, datas que deberán ser comunicadas á empresa adxudicataria.

Segundo : Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 112 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro : Dar traslado aos Departamentos de Intervención, Urbanismo (responsable do contrato), e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López